

## INSTRUCCIÓNS PARA O VOTO ELECTRÓNICO


Desde calquera medio telemático (ordenador, tableta, smartphone) accede ao portal de votación no seguinte enderezo <http://voto.udc.gal>



**IDENTIFÍCATE CO TEU USUARIO E CONTRASINAL**

**PASO 1:**


Unha vez identificado/a accederás ao portal da votación (podes comprobar que estás conectado correctamente confirmando o teu DNI) na que aparecerá unha pantalla como a seguinte:



No caso de que queiras votar en branco, non tes que seleccionar ningunha das opcións. Despois de seleccionar a resposta elixida, ou ningunha, tes que premer o botón validar.


**PASO 2:**

A seguinte pantalla serve para confirmar o voto ou para volver ao paso anterior para modificar a resposta elixida.



### PASO 3:

Finalmente, o programa mostraralle un ticket ou resgardo da votación que deberá conservar ou imprimir para comprobar nun portal de recibos de votación unha vez escrutada a elección.



No devandito portal, poderás buscar o teu recibo tecleando alomenos os 5 primeiros caracteres do identificador do recibo de votación.